

Combatendo a violencia machista

Tedes nas vosas mans unha compilación das campañas impulsadas pola nosa central sindical na última década, para concienciar, detectar, previr e actuar ante a violencia machista. Un labor de concienciación e unhas reivindicacións que son máis necesarias ca nunca porque a violencia contra as mulleres aumenta ano tras ano, sen que se poñan en marcha medidas definitivas para combatela e erradicala.

Desde a CIG somos conscientes de que o sistema capitalista precisa a desigualdade entre homes e mulleres para seguir consolidando a ideoloxía patriarcal. O patriarcado foi a primeira estrutura de dominación e subordinación da historia sobre a cal se asentaron as demais e hoxe en día segue a ser un sistema básico de dominación, que pese a ser o máis duradeiro en canto á desigualdade, é o que menos se percibe como tal. O capitalismo non é posíbel sen o patriarcado, por iso é preciso que as mulleres nos organicemos e loitemos contra a exclusión, a marxinación, a discriminación, a pobreza, a violencia e o machismo. Querémonos vivas. Querémonos libres. Seguiremos en loita **COMBATENDO O HETEROPATRIARCADO, COMBATENDO A VIOLENCIA MACHISTA** lembrando o 25 de novembro todos os días do ano.

Secretaría Confederal das Mulleres da CIG

Alfonso Molina s/n, 8º andar - Edificio sindical - 15008 A Coruña

Teléfonos:

981 169 293 (centralíña) 981 900 633 (directo)
Fax. 981 151 539

Correo:

muller@galizacig.gal



Combatendo a violencia machista





No ano **2005** esiximos melloras na negociación colectiva que garantan a seguridade das vítimas, asegurando o seu dereito a adaptar a duración e distribución do tempo de traballo, o desprazamento a outro centro de traballo, axudas e apoio social por parte das empresas..., é dicir, acadar medidas laborais efectivas que axuden a mellorar a vida das vítimas desta lacra social.



No ano **2006** poñiamos o acento no acoso no traballo, nas medidas de prevención e actuación, así como no noso posicionamento sindical ante o acoso sexual.



No ano **2007** divulgabamos como actuar cando se produce unha agresión, informabamos dos lugares onde presentar as denuncias, indicando cales eran os dereitos laborais e de seguridade social das vítimas, xunto coa información ás mulleres inmigrantes, animando a denunciar este tipo de situacións.



No ano **2008** apostabamos por medidas coeducativas e accións formativas dirixidas a previr, detectar, atender e corrixir comportamentos violentos, traballando en actitudes de respecto e poñendo o foco nos homes.



No ano **2009** focalizabamos a campaña na necesidade de mudar o modelo de relacións sociais e laborais, en particular as estruturas e valores patriarcales que perpetúan e consolidan na sociedade a violencia sexista.



No ano **2010** propoñiamos dez medidas para facermos fronte á violencia sexista: denuncia das discriminacións, recoñecemento dos dereitos laborais e sociais das vítimas da violencia machista, garantindo a aplicación de plans de igualdade e protocolos de acoso nos lugares de traballo, garantindo unha rede pública de servizos sociais integrais, instando á implantación dun modelo coeducativo en todas as etapas, garantindo o dereito á sexualidade e a interromper o embarazo na rede pública de saúde, impulso da corresponsabilidade nas tarefas do coidado

e no fogar e garantir a conciliación, recoñecer e garantir os dereitos das mulleres inmigrantes, visualización da problemática específica en materia de saúde laboral das mulleres e, finalmente, integrar a existencia da igualdade na negociación colectiva.



No ano **2011**, denunciabamos que a crise económica está a agravar aínda máis a desigualdade que existe entre mulleres e homes, por mor das medidas acometidas polos gobernos para paliar.



No ano **2012** enfocabamos a nosa campaña á verdadeira faciana dos monstros, que non é como saen nos contos: a do patrón explotador, a do xefe acosador, a do calumniador, a do chantaxista, daqueles que nos castigan por sermos nais traballadoras, a dos que pretenden illar as mulleres, decidir por nós o control dos nosos corpos, legislar para criminalizarnos, a de todos os personaxes machistas que perpetúan a violencia contra as mulleres.



No ano **2013** denunciabamos os distintos xeitos e modalidades de violencia contra as mulleres: a física, a sexual, a psicolóxica, a económica. E identificabamos o mundo do traballo como un lugar que non é alieo a esta manifestación extrema de desigualdade relacionada co xénero, imposta ás mulleres por mor da súa posición subordinada dentro da sociedade



No ano **2014** impulsabamos unha campaña dirixida a identificar comportamentos, actitudes e ideas discriminatorias que forman parte da cultura da violencia contra as mulleres.



No ano **2015** amosabamos a chamada pirámide da violencia: micromachismos (invisibilización, anulación, comentarios incómodos, control, humor sexista, linguaxe sexista), humillación (desvalorizar, culpabilizar, illar), violencia (acoso, abusos, ameazas, agresión), até chegar ao último chanzo que é a manifestación máis extrema de violencia machista: o FEMINICIDIO.